



D^a. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión **extraordinaria e urxente do 15 de xuño de 2017**, adoptou o seguinte acordo:

2.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO CENTRAL DE RECURSOS CONTRACTUALES SOBRE O RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN CONTRA O ACORDO DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS, TÉCNICOS, AUXILIARES E DOCENTES COMPLEMENTARIOS PARA O FUNCIONAMENTO DAS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVIESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E OS XIMNASIOS DAS TRAVESAS E O BERBÉS. EXPTE. 14892/333.

Mediante informe-proposta de data 14/06/17, a xefa do Servizo de Contratación, da conta da Resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

“1º.- Tomar razón da Resolución nº 493/2017 Do Tribunal Administrativo Central De Recursos Contractuales (TACRC), recaída no recurso nº 353/2017, interposto por D. Dario Arias Nuñez, en nome e representación de UTE FCC AQUALIA, S.A.-IDONEA CYS,S.L., contra o acordo de adxudicación do procedemento aberto para a contratación dos servizos de manteneemnto das instalacións , téncios, auxiliares e docentes complementarios para o funcionamento das piscinas cubertas de Traviesas, Lavadores, Teis e Valadares e os ximnasios das Travesas e o Berbés”, adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo o 23 de marzo de 2017. Na mesma o TACRC desestima o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

“Primeiro.- Desestimar o recurso interposto por D. Dario Arias Nuñez, en nome e representación de UTE FCC AQUALIA, S.A.-IDONEA CYS,S.L., contra o acordo de 23 de marzo de 2017 de adxudicación do contrato de “servizos de manteneemnto das instalacións , téncios, auxiliares e docentes complementarios para o funcionamento das piscinas cubertas de Traviesas, Lavadores, Teis e Valadares e os ximnasios das Travesas e o Berbés” por estimala axustada a dereito.

Segundo.- Alzar a medida cautelar de suspensión do procedemento en aplicación do artigo 47.4 do TRLCSP.

Terceiro.- Declarar que non se aprecia a concorrencia de mala fe ou temeridade na interposición do recurso polo que non procede a imposición da sanción prevista no artigo 47.5 do TRLCSP”.

2º.- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de continuar coa tramitación do presente expediente”.

Acordo



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 19/07/2017 12:44

Páxina 1 de 2

Expediente 14892/333

Código de verificación: 2CEA4-24223-A434E-58E25

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

A Xunta de Goberno local queda informada.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

MXLP/me

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 19/07/2017 12:44	Páxina 2 de 2
Expediente 14892/333	Código de verificación: 2CEA4-24223-A434E-58E25	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		